



CESGA



XUNTA  
DE GALICIA



CONSEJO SUPERIOR  
DE INVESTIGACIONES  
CIENTÍFICAS

## CONVENIO COLABORACIÓN CESGA – HP - Intel

**Santiago de Compostela 28de marzo de 2.006**

**Discurso de Salustiano Mato, Presidente do CESGA**

**e Director Xeral de I+D+I**

Sr. Secretario de Estado de Universidades e Investigación, Sr/a Conselleiro/a, Sr. Presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas, Sr. Presidente de H.P. Iberia, Sr. Director Xeral de Intel Iberia, Sr. Director do CESGA, Membros dos Organos de Goberno do CESGA, Investigadores asistentes, Medios de Comunicación, Sras. e Srs.

O CESGA é unha institución coparticipada pola Xunta de Galicia e o Consello Superior de Investigacións Científicas, cuxa misión é “Fomentar, difundir, prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do CSIC e a aquelas empresas e institucións que o soliciten, e desta forma, contribuír, mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación á mellora da competitividade das empresas”.

Para cumprimento da súa misión e alcanzar o grao de excelencia na súa actividade, o CESGA vén realizando desde o seu inicio no ano 1.993, importantes esforzos técnicos, económicos e organizativos, mediante os cales se alcanzou a consolidación do coñecemento e uso eficiente da simulación numérica na súa comunidade de usuarios.

Os ordenadores do CESGA se caracterizan polo seu alto nivel de aproveitamento, próximo permanentemente ao 99%, e por un incremento constante da demanda de uso por parte dos investigadores, que se traduce nun aumento dos tempos de espera para proceso dos traballos, polo que se fai imprescindible responder a esta necesidade con maiores recursos computacionais.

Xa no ano 2.002, a empresa HP mostrou o seu interese pola colaboración co CESGA para realizar actividades conxuntas de I+D+I, que repercutisen beneficiosamente nas partes implicadas. Desde entón, viñéronse analizando e madurando actuacións de interese mutuo nas que as institucións se complementasen, materializándose na proposta de colaboración que hoxe anunciamos. Este Convenio de Colaboración ten tres obxectivos principais:

- Incrementar cualitativa e cuantitativamente a actividade investigadora que se apoia na simulación numérica.
- Ampliar e intensificar a colaboración con outras institucións públicas e privadas para compartir e desenvolver o coñecemento.
- Consolidar ao CESGA como unha Gran Instalación e Centro de Excelencia a nivel Internacional.

Para realizar esta cobizosa iniciativa cóntase coa aposta decidida das empresas HP e Intel, líderes no seu sector os cales xunto co CESGA, definirán e deseñarán a configuración definitiva dun gran sistema de supercomputación para a realización de actividades de I+D+i, incluíndo a achega dos coñecementos e infraestruturas necesarias para desenvolver, optimizar e prover servizos de cálculo intensivo que permitan satisfacer necesidades provenientes de liñas de investigación con grandes requirimentos de cálculo e memoria, e que hoxe non se encontran satisfeitos cos medios dispoñibles en España.

A implantación desta actividade singular no CESGA proveniente da materialización deste Convenio, potenciará significativamente o desenvolvemento dunha área de coñecemento considerada como crítica na sociedade da información e do coñecemento, permitindo a Galicia e a España en xeral, dar un salto cualitativo de alta importancia en I+D+I e proporcionando uns servizos á súa comunidade de usuarios, ata agora impensables.

De forma resumida, o CESGA achegará no seo deste Convenio o seguinte:

- . A súa experiencia, de máis de 13 anos, en xestión da infraestrutura necesaria para aloxar e manter operativo o novo supercomputador cos seus servizos asociados.
- . Organizará, xestionará e participará en actividades I+D+I conxuntas con HP, Intel e a súa comunidade investigadora.
- . Adaptará as instalacións: espazo, alimentación eléctrica, climatización, seguridade, etc.
- . Operará e xestionará o sistema.
- . Colaborará con HP no mantemento de primeiro nivel hardware e software.
- . Dará soporte ás actividades do Centro de Referencia de HP e Intel, previo acordo mutuo específico por actividade.
- . Previa demanda, porá a disposición de HP e Intel dunha porcentaxe do supercomputador para actividades de I+D, propias dos fabricantes incluídas no Centro de Referencia.

Non podo rematar a miña exposición da participación do CESGA no Convenio, sen expresar o agradecemento do

Órgano de Goberno do CESGA, ás institucións e empresas participantes, especialmente a HP, Intel pola súa aposta decidida e ao persoal do CESGA polo seu traballo técnico e organizativo.

Moitas grazas.